



Museo  
do Pobo  
Galego



iEi  
instituto de  
estudos das  
identidades

Liñares - Baíste - Avión, 1979-10  
**Informante:** Veciñas de Liñares  
**Compiladora:** Dorothé Schubarth  
**Transcripción:** Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

**41e** 5 5 8 1

$\text{J} = 96$

Liñares, Baíste, Avión. Outubro 1979.

1) Un dé-a que po-la tar-de Ma-ri-a da Can-ce-li-na  
 än-da-ba se-gond'a her-ba no pra-do da Fon-te.li-na  
 vi-va la mar sa-la-da (—)

variantes estróficas:

[1] 3) - 7) 9)  
 [2] falta 4)  
 [3] 9) 12)  
 [4] 2) 3)  
 4) - 6) 12) 13) 15) 7) 9)  
 8) 14) 10)  
 11) 13)  
 [5] 12) 13) 5) 6) 14) 14) 15)  
 [6] 8) 13) 15)  
 [7] 2) 4) - 3) 9) - 11) 43) - 15) 3) 12) 7)  
 3) 12)  
 [8] 3) 12)

Carballiño I,2,18. Varias veciñas.

L: 66c.

\*Transcripción orixinal de Dorothé Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



V 66c

Un día que por la tarde  
María da Canceliña  
andaba seghando a i-herba  
no prado da Fonteliña.  
*Viva la mar salada.*

Cadrou que na misma hora  
Andrés de Rebouta viña  
de botallarle a i-agua á veiga  
que arrimada dela tiña  
*Viva la mar salada.*

E desde encima do prado  
Díxolle con covardía:  
“Queres que eu vaia axudarche  
a erguela herba María”.  
*Viva la mar salada.*

“Por agora douche as gracias  
que inda teño sin segar  
tí has de estar apurado  
non has querer esperar-e”.  
*Viva la mar salada.*

“Eu estando á túa beira  
nunca che estou apurado  
que tí e-la que me tes  
o meu corazón roubado”.  
*Viva la mar salada.*

“O teu corazón Andrés  
telo no peito encerrado  
pra lle dar a quen tí queiras  
que pra min non tes ghardado”.  
*Viva la mar salada.*

“Pois eu tamén che aseguro  
i unha palabra che hei dar  
que antes de faltarche a tí  
ha faltar aghua do mar-e”.  
*Viva la mar salada.*

“Pois logho si cho parece  
é millor que nos marchemos  
e mañá á misma i-hora  
xuntarnos aquí podemos”.  
*Viva la mar salada.*

Marcháronse os namorados  
moi contentos de alegría  
e xa quedaron citados  
de volver á outro día.  
*Viva la mar salada.*



I ó outro día María  
mandarona ir á i-herba  
non se lle vían pousar  
los pés na terra siquiera  
*Viva la mar salada.*

Ó salta-lo pasadeiro  
xa veu Andrés de contado  
deitado onda un salgueiro.  
*Viva la mar salada.*

“I entré os dous nos pensaremos  
séntante aquí ó meu lado,  
que as cousas moi presumidas  
non che traen bo resultado”.

*Viva la mar salada.*

“Ó teu lado non me sento  
porque o demo éche tendeiro  
e se cadra sin pensar  
prenda ó lume no chispeiro”.

*Viva la mar salada.*

“Por eso non teñas pena  
nin teñas moito coidado  
co pau que ha de ser pró home  
xa naceu pra ser queimado.

*Viva la mar salada.*

Tamén eu nacín pra ti  
así o teño pensado  
pero non pra de solteira  
armalla á melra no prado”.

*Viva la mar salada.*